BIBLIOTECAS ESCOLARES

Proposta orientativa realizada por:
Biblioteca Pública Municipal
"Xerardo Díaz Fernández".
Bibliotecas escolares dos centros
de ensino público de Porto do Son:
EEI de Caamaño,
EEI de Carballosa,
CEIP de Campanario,
CEIP de Portosín,
CEIP de Seráns,
CEIP de Sobrado-Nebra,
CEIP de Xuño,
IES de Porto do Son.

BIBLIOTECAS 2017

Esta guía pódese consultar en:
http://portodoson.gal
http://centros.edu.es/ceipdeportosin
http://ceipnebra.blogspot.com
http://etikeles.blogaliza.org/

Cultura e Deportes-Porto Do Son

COLABORAN

Deputación DA CORUÑA

GORGELLERIA DE CULTURA

Edita: Concello de Porto do Son.
Deseño: Alfonso Pérez Moreno.
Dpto. Artes Plásticas.
IES de Porto do Son.

"Se ti mesmo, os demais postos están cubertos."
Oscar Wilde

MUNICIPAL

8



Tierra desacostumbrada
de Jhumpa Lahiri
Narrativa
Salamandra

Relata as vivencias de familias de ascendencia bengalí nos Estados Unidos.



Neandertal
de John Darton
Narrativa
Planeta

Nas montañas do norte de Asia desaparecen un guerrilleiro e un prestixioso paleontólogo e ***unha*** estudante é asasinada...

El tiempo de los emperadores extraños
de Ignacio del Valle
Narrativa
Alfaguara
Na Fronte de Leningrado, no inverno de 1943, un soldado da División Azul é atopado morto nun lago cunha enigmática frase gravada no seu peito.



El último cazador
de Antonio Pérez-Henares
Narrativa
Almuzara
Os cazadores do Paleolítico ven chegar o unha nova civilización que araba a terra e amansaba as bestas. O choque entre dous xeitos de vida era inevitable...



El baile de la Victoria
de Antonio Skármeta
Narrativa
Planeta
Ao saír da cadea, un imaxinativo mozo e un famoso e irónico ladrón planean un gran golpe. Coñecen a Vitoria e nacerá un triángulo de amor e amizade.

O escultor de gárgolas e outras historias de Averoigne
de Clark Ashton Smith
Narrativa
Urco
En Averoigne sobrancean as gárgolas da súa catedral gótica, mosteiros beneditinos e, por riba de todo, moitas lendas e historias...



Galicia Encantada. O país das mil e unha fantasías
de Antonio Reigosa
Narrativa
Xerais
Escolma de documentos atesourados e recompilados na web Galicia Encantada: mitos, lendas, ritos, contos e outros aconteceres sorprendentes.

Amor é unha palabra coma outra calquera
de Francisco Castro
Narrativa
Galaxia
Carla organiza a súa vida arredor do amor aprendido nas películas rosa, nas cancións melódicas, nas novelas cursis... Pero o seu home vaise da casa e aparece un cadáver...

Aqueles días en que eramos malas
de Inma López Silva
Narrativa
Galaxia
Unha monxa, unha puta, unha moza colombiana e unha funcionaria de prisións compartindo absolutamente todo no módulo de mulleres dun cárcere...

O coitelo de pedra fundida
de Francisco Antonio Vidal
Narrativa
Toxosoutos
Un rapaz ousado e valente tentará desenmascarar ó monstro que nunca deixaba máis rastro que a falta de carne, froitos e aparellos.

INFANTIL

1

Guía de ciudades
de Georgia Cherry
Álbum ilustrado
SM.
Quen non soña en ir ao redor do mundo? Con este fermoso atlas mergúllate nunha magnífica viaxe a través de 30 cidades.

Pete el gato
de Eric Litwin
Álbum ilustrado
Lata de Sal

Pete é moi optimista, sempre afronta os cambios e canta a súa canción. (Música descargable).

A árbore da escola
de Antonio Sandoval
Álbum ilustrado
Kalandraka

Aprenderemos a importancia da educación ambiental, o contacto coa natureza e a conciencia social de respecto ao planeta.

Max y los superhéroes
de Rocío Bonilla
Álbum ilustrado
Algar

A súa historia sorprende cando se achega ao final pola súa tenrura e sinxeleza.

Lobishome
de Jacobo Paz
Álbum ilustrado
Bolandas

Un libro-xogo no que ti, lector, serás o protagonista desta historia.

Érase dos veces… los tres cerditos
de Belén Gaudes e Pablo Macías
Álbum ilustrado
Cuatro Tuercas

Unha oportunidade para historias de sempre. Sen sexismo nin violencia nin desigualdade.



Con Tango son tres
de Peter Parnell y Justin Richardson
Álbum ilustrado
Kalandraka

Hai familias distintas, pero igualmente felices.

Tic, Tac, Toc
de Pablo Díaz
Música
Galaxia

Un percorrido por distintas músicas do mundo para toda a familia neste último traballo do recoñecido Pablo Díaz.

A mellor sopa do mundo
de Susanna Isern
Álbum ilustrado
OQO

Amósanos que con pouco pódese facer moito, á vez que resalta o valor das pequenas cousas e, sobre todo, da amizade.

Un libro
de Hervé Tullet
Álbum ilustrado
Kokiños

Preme o círculo co dedo a ver que pasa.

6-8 ANOS

2

A galiña azul
de Carlos Casares
Narrativa
Galaxia
Manolito Listón quere matar a Galiña Azul porque, segundo di, unha galiña que en vez de dicir "cacaracá" di "cocorocó" non é unha verdadeira galiña.

Lápices Primos
de José Antonio Ramírez Lozano.
Narrativa
OQO
Xa sabemos que para escribir podemos utilizar lapis, bolígrafos, plumas, rotuladores, tizas… pero, que pasaría si probásemos a facelo cos primos dos lapis ?, quen son?



Mel, unha mosca agradecida
de Miguel Alonso Diz
Mouriño
Poesía e música
Novagalicia Edicións

Neste conto xogaráse coas palabras e daráse aos nenos e nenas a chave do futuro do noso idioma.

Unha última carta de Antonis
Papatheodoulou.
Narrativa
Kalandraka
As palabras pódeas levar o vento. É o caso desta fermosa historia. A un amable carteiro, no seu último día de traballo, agárdalle unha experiencia inolvidable.

Monstruo rosa
de Olga de Dios
Narrativa
Apila ediciones

Un conto sobre o valor da diferencia. Unha historia para entender a diversida de como elemento enriquecedor da nosa sociedade.



Bandada
de David Daniel Álvarez Hernández.
Narrativa
Kalandraka
A partir dunha sociedade formada por aves, preséntansenos as contradiccións do ser humano. Nós debemos recoller unha mensaxe de esperanza.



Rosa Caramelo
de Adela Turin.
Narrativa
Kalandraka
Na manda, todas as elefantas son de cor rosa, menos Margarita. Pronto descubrirá que hai cousas prohibidas reservadas aos machos. Ela mostrará que a igualdade non é unha utopía.

O oso e o piano
de David Lichfield.
Narrativa
Hércules ediciones

Un día, no bosque, un osiño atopou unha cousa que non vira nunca. Con medo, tocouna cos súas pequenas e robustas poutas...

¡En familia!
de Alexandra Maxeiner.
Narrativa
Takatuka ediciones

Sexa como sexa, non o esquezamos.... cada familia é única e especial!, como a nosa so hai unha no mundo!, así que... para que comparalas?

Tragaxán e Tragadiño
de Bernardiño Graña
Narrativa
Editorial Galaxia

A infancia de dous pícaros que entenden o mundo como un xogo de descuberta da vida.

MÁIS DE 16

7

Historia del arte para DUMMIES
de Jesse Bryant Wilder
Divulgación Arte
Grupo Planeta

Esta divitida guía achéganos aos períodos máis importantes da arte e explícanos a súa evolución.

50 teorías científicas revolucionarias e imaginativas
de Paul Parsons
Divulgación Ciencia
Blume
Manual que acomete a revolucionaria tarefa de facer comprensibles as teorías científicas máis importantes e intrigantes.



Madama Butterfly
de Benjamin Lacombe
Álbum ilustrado
Edelvives
Adaptación do sublime drama romántico onde poderemos disfrutar duns deslumbrantes cadros ao óleo e os misterios intactos dun Xapón xa desaparecido.

Ciento volando de catorce de Joaquín Sabina
Narrativa
Poesía-Música
Visor libros

Nesta obra o músico tenta buscar sonetos dentro da súa produción, mostrándonos ese poeta que se converteu en cantante.



The essential
de Leonard Cohen
Música
Sony Music

Dobre álbum recompilatorio dalgúns dos máis famosos e fermosos temas deste músico recentemente desaparecido.



Arraianos de Eloy Enciso Cachafeiro
Cine
Artika films

Realidade, mitos e soños fúndense nesta película sobre o tempo, a memoria e a musicalidade da palabra.

La sal de la tierra
de Win Wenders
Documental audiovisual
Cameo Media
O fotógrafo Sebastião Salgado embárcase no descubrimento de territorios virxes e percorre unha humanidade en constante cambio, sendo testemuña de moitos acontecementos.

A ira dos mansos de Manuel Esteban
Novela
Xerais
Aparece o cadáver dunha nena con síndrome de down en Vigo. O inspector que tenta resolver o crime móvese habilmente pola cidade e vive un proceso que derruba as súas barreiras emocionais.

Os apelidos do concello de Porto do Son
de Joaquín Torres
Investigación- Antroponimia
Toxosoutos

800 nomes de familia tradicionais e dos segundorresidentes do noso concello. Xenealoxía, etimoloxía e heráldica.

La casa
de Pablo Roca
Cómic
Astiberri

Os tres irmáns, ao falecer o pai, voltan á casa familiar para vendela, pero as lembranzas agólpanse e fan que teñan medo de desfacerse do seu pasado

4

Malos tempos para os fantasmas
de Agustín Fernández Paz
Narrativa
Xerais
Marta trasládase a vivir á cidade coa súa familia. Alugan unha casa grande e antiga onde habita un fantasma. Marta comunica con el a través do Pc.

As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas
de Carlos Casares.
Teatro
Galaxia.
No ano de Carlos Casares debemos
volver a ler e representar esta divertida obra.
Ademais é unha historia con moito zume.

Os Sabuxos divírtense no Museo Prohibido
de Jaureguizar.
Narrativa
Xerais
Desta vez, o Sabuxos metéronse nun bo lío: entraron a xogar nun lugar secreto e quedaron atrapados nun sitio que ninguén coñece.

Esmeraldina, a pequena defunta
de Ledicia Costas.
Narrativa
Xerais
Esta non é unha novela de terror, pero si unha historia de humor macabro no Salvaxe Oeste, que transcorre entre pucheiros e receitas de cociña.

Historia da bicicleta dun home lagarto
de Fina Casalderrey
Narrativa
Xerais
Mundo era capaz de subir aos postes máis altos de Telefónica, Ile chamaban lagarto; é unha historia agridoce . O protagonista padece as consecuencias da Guerra Civil.

Federico García Lorca para niños
de F.García Lorca.
Álbum ilustrado-Poesía
Susaeta
Lorca sempre tivo un amor especial polos nenos. Neste fermoso libro recóllense versos adicados á infancia, á natureza, aos animais, ao amor...

Denébola a Roxa
de Héctor Cajaraville
Narrativa
Bahía

O pai de Denébola decide metela nun convento pola superstición da súa cabeleira roxa, pero ela loitará por un futuro máis luminoso ca este.

Contos de Grimm
dos irmáns Grimm.
Álbum ilustrado.
Xerais
Para ler e lembrar algúns dos contos máis coñecidos por todos e así viaxar
ata aos primeiros anos da vosa infancia con Carapuchiña Vermella, A Cincenta, Brancaneves....,

A mamá que perdeu as cóxegas
de Clara do Roxo
Narrativa
Galaxia
Esta mamá xa non ri, xa non goza das cóxegas dos seus fillos. Que lle pasa? Serán os pequenos da casa os que teñan que averiguar por que perdeu a risa e tentarán axudala.

A música das árbores
de Anxo Moure e Servando Barreiro
Álbum ilustrado-Música
Xerais

Graciano Zoqueiro, trasniño e gaiteiro, descubriu que as árbores facían música. Cando o vento move as pólas nace unha sinfonía.

5

Aprende a hacer dibujos
de Paul Könye
Arte
San Pablo

Se queres debuxar fadas, deseños de moda, paxaros, peixes… sigue estas sinxelas instrucións.

Animalium
de Katie Scott
Álbum ilustrado
Impedimenta

Disfruta coa observación do mundo animal a través destes debuxos que semellan láminas antigas pintadas a pluma.

La odisea de Ulises
de Katherine Mory
Álbum interactivo
Vox

Adéntrate no apaixoante mundo de Ulises abrindo pestanas e descubrindo sorpresas.

El polo Sur de Alexis Nolla
Cómic
Apa Apa

A expedición encabezada por Scott chega ao seu fin cando se dan conta de que Amundsen xa se lles adiantou na conquista do Polo Sur.

Zombillenium
de Arthur de Pins
Cómic
Dib buks

Pérdete no parque temático do terror xestionado por un grupo variopinto de zombies.

The Martian
de Ridley Scott
Cine
Twentieth Century Fox

Un astronauta, dado por morto e abandonado pola súa tripulación en Marte, deberá sobrevivir utilizando os seus coñecementos científicos.

Nena e o mar
de Érica Esmorís
Novela
Xerais

Nena emprende unha aventura fantástica e temeraria para rescatar a seu pai, o mariñeiro máis novo da vila.



A dama da luz
de Agustín Fernández Paz
Álbum ilustrado
Xerais

Hoxe é un día especial. Algo extraordinario está a acontecer. Marta vai onde seu avó que lle contará unha historia fantástica.

Todo o tempo do mundo
de David Pérez Iglesias
Novela
Xerais

Ariadna ten que pasar uns días co seu avó e descubrirá outro xeito de ver a vida.

Trent
de Rodolphe
Cómic
Ponent Mon

As misións deste solitario sarxento da Policía Montada do Canadá que percorre o Norte do País convértense en auténticas expedicións.

10-12 ANOS

12-14 ANOS

14-16 ANOS

La joven de las naranjas
de Jostein Gaarder
Novela Siruela

Georg, un rapaz de 15 anos, atopa unha carta que lle escribiu seu pai antes de morrer. Nela cóntalle o gran amor que sentiu pola misteriosa moza das laranxas.

Historia de la vida. Evolución
de Katie Scott
Álbum ilustrado
Impedimenta

Este álbum espertará o noso entusiasmo pola Historia natural coas súas preciosas imaxes.

Eleanor & Park
de Rainbow Rowel
Novela
Alfaguara

Eleanor e Park son dous rapaces totalmente distintos e non integrados que se sentan xuntos no autobús. Que pasará entre eles?

Sufragistas
de Sarah Gavron
Cine
Savor

Estas mulleres arriscaron a súa vida na loita pola igualdade.

Xa non estou aquí
de Iria Misa
Novela
Xerais

Ánxela está a pasar un momento difícil na súa vida e intégrase nos Murnios na procura de vivencias que a satisfagan.

Bashô
de François de Kerisel e Frederik Clément
Álbum ilustrado- Poesía
Hotel Papel- Grupo 5

Bashô abre talleres de poesía e todo o mundo no Xapón do SXVII inicíase nos haikus.

Te odio como nunca quise a nadie
de Luís Ramiro
Poesía
Frida

Neste libro de poemas o cantante dá unha visión moi íntima da muller e das relacións amorosas.



Suleiman y Salúa
de Ali Ali e Francisco Fernández
Naval
Álbum ilustrado
Trifolium

Lembranzas de contos e historias da tradición siria ilustradas coas fermosas litografías do autor.



A neve interminable
de Agustín Fernández Paz
Novela
Xerais

Tres guionistas reclúense nun hotel da Fonsagrada para traballar.
Unha gran tormenta de neve aíllaos do mundo e o medo invádeo todo.

Uma questao de principio
de D.A.M.A
Música
Sony Music

Primeiro traballo dunha das bandas portuguesas máis escoitadas na actualidade que fusiona o pop e o rap.

6

8-10 ANOS

Contos nerviosos
de Fran Alonso
Narrativa
Embora

Ás veces suceden cousas tan inesperadas que os propios contos se poñen nerviosos. Así son moi divertidos, pero non paran quietos porque lles tremen as palabras.

Cada cuadro con su cuento
de Juan Ramón Brotóns
Arte
Anaya

Percorrido pola historia da pintura, por medio de contos, anécdotas e curiosidades, para coñecer aos grandes pintores e as súas obras.

Pinocho
de Carlo Collodi
Narrativa
Vicens Vives

Un clásico no que Gepetto, con moito amor, ensina ao seu monicreque valores como esforzo, xenerosidade, honradez,responsabilidade...

Poemar o mar
de Antonio García Teijeiro
Poesía
Merlín
O vento leva e trae palabras para xogar con elas e as ondas crean o seu ritmo para que estas poidan bailar. Terceiro libro da triloxía sobre o mar.

El emocionómetro del inspector Drilo
de Susanna Isern
Ediciones nubeOCHO

Cada emoción está acompañada dun conto e este libro axúdanos a analizalas e xestionalas adecuadamente.

3

Quen dá a quenda?
de Héctor Cajaraville
Narrativa
Xerais

Ao consultorio da meiga Divina acoden pacientes moi "diferentes"
aos que se lles pide tamén, un pago moi especial polos seus servizos.

Cámbiache o conto
de Pinto & Chinto
Narrativa
Xerais

Unha versión dos contos clásicos cunha reviravolta á maneira dos autores, poñéndonos un sorriso nos beizos.

La bicicleta es mía
de Carlos Peramo
Narrativa
Alfaguara
Vivir nunha familia na que non falte nada ou noutra con dificultades económicas non é motivo para que os nenos se fagan amigos e vivan experiencias xuntos.

Aire
de María Fumaça
Música (CD e DVD)
Sonárbore
Un lote de cancións de diferentes estilos pero presididas pola mesma filosofía: a alegría de vivir, de ser, de estar no mundo, de compartir. Unha ollada diferente e mellor sobre o mundo.

Snoopy. Fantástico
de Charles M. Schulz
Cómic
Kraken Ediciones

A través das tiras cómicas de Snoopy presenciamos as aventuras deste can e dos seus amigos, dun xeito moi divertido.

"A finalidade da arte, é dar corpo á esencia secreta das cousas, non o copiar a súa apariencia"
Aristóteles

"A arte non reproduce o visible, faino visible"
Paul Klee

" O xenio componse do dous por cento de talento e o outro noventa e oito por cento de perseverante aplicación"
L. van Beethoven

"A pintura é poesía muda; a pintura poesía cega"
Leonardo da Vinci

INDICE

1 INFANTIL
2 6-8 ANOS
3 8-10 ANOS
4 10-12 ANOS
5 12-14 ANOS
6 14-16 ANOS
7 MÁIS DE 16 ANOS
8 BIBLIOTECA MUNICIPAL

"A arte é a mediadora do inexpresable"
Goethe

" O banqueiro é un señor...
que nos presta o seu paraugas cando vai sol e esíxenolo cando comeza a chover"
Mark Twain